

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 9 de maio de 2025

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día nove de maio do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romy, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Luisa María Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta e María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasaola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35173.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 2 de maio de 2025.

2.35174.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 9704 IGREXA DE CALEIRO, DO PQ. 0+000 AO PQ. 0+100. CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA”(EXPTE.2025018207)

Antecedentes.

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.



O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP-9704.

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de *“Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9704 Igrexa de Caleiro, do pq. 0+000 ao pq. 0+100. Concello de Vilanova de Arousa”* no termo municipal de Vilanova de Arousa.

Perséguese mediante a execución de este proxecto unha actuación onde se mellore a seguridade dos itinerarios peonís en todo o ámbito da actuación, sempre baixo as premisas de buscar un deseño que sexa comprensible, utilizable e practicable por todos en condicións de seguridade e comodidade (accesibilidade universal), dando cumprimento á Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	67.244,52 €
IVE 21%	14.121,35 €
Presuposto base de licitación con IVE	81.365,87 €

2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente Resolución de Alcaldía CSV: J2IJE9IPPNXPJJMY aprobando o do Convenio polo Concello.

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

Constan no expediente:

- Proxecto asinado data 10 de febreiro 2024 CSV: 8R6PG9V0CM2FYC19.
- Texto borrador do Convenio co CSV: H6UNM0OPIFE1ZWVB notificado ao Concello en data 27/03/2025 para a súa aprobación.
- Informe favorable de supervisión do proxecto data 02/04/2025 CSV: ES5LH8H4Q3UAT8MS
- Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras de data 02/04/2025 co CSV: EXBONVLC4872TRR.
- Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificando a urxencia da expropiación data 03/04/2025 co CSV: K3H2F7IW0T9O0SXH.
- Informe favorable Secretaría Xeral data 15/04/2025 CSV: DHPDLAYQZVYTJANY
- Informe favorable Intervención data 29/04/2025 CSV: BDXMF74BCV8JM5EZ



Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.



- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Vilanova de Arousa mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	65.092,70 €	80
Concello de Vilanova de Arousa	16.273,17 €	20
Total obras	81.365,87 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 25/456.4530.612.02.2024 do vixente Orzamento Provincial do ano 2025.

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Vilanova de Arousa:

Organismo	Achega	%
Concello de Vilanova de Arousa	5.841,46 €	100
Total expropiacións	5.841,46 €	100

A achega do Concello de Vilanova de Arousa será de 22.114,63 € (20% do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

O importe da achega do Concello financiado con fondos propios deberáselle ingresar á Deputación no primeiro trimestre do exercicio correspondente.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan Máis Provincia, xerárase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Vilanova de Arousa.



De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LRBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, aténdese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

- 1.- A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
- 2.- O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.



3.- O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación. Logo do informe da Intervención Xeral.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa co seguinte contido:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 9704 IGREXA DE CALEIRO, DO PQ 0+000 AO PQ 0+100. CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA.”

INTERVEÑEN

Don Luis López Diéguez, na súa condición de Presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL).

Don Gonzalo Durán Hermida, alcalde do Concello de Vilanova de Arousa, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LBRL.

Don Carlos Cuadrado Romy, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).

II.- Que a Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, facendo especial fincapé nos treitos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguridade viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.



IV.- *Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.*

V.- *Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 9704 Igrexa de Caleiro, que transcorre polo Concello de Vilanova de Arousa e ten unha lonxitude de 386 m.*

VI.- *Que na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+100 da E.P. 9704 Igrexa de Caleiro, non existen na marxe esquerda espazos adecuados para que as persoas se despracen de forma cómoda e segura, polo que é necesario realizar unha reestruturación do espazo público. Co fin de executar unha actuación que permita unha mellora da mobilidade peonil para solucionar os problemas de inseguridade que se producen diariamente, a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 9704 IGREXA DE CALEIRO, DO PQ 0+000 AO PQ 0+100. CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA.” no cal se propón a creación dun itinerario peonil continuo e seguro pola marxe esquerda entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+100.*

A actuación consiste na creación dun itinerario peonil entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+100 da EP 9704. Concretamente, as actuacións propostas teñen por finalidade a execución dun treito de beirarrúa na estrada EP 9704 Igrexa de Caleiro, demolendo a parte de pavimento que sexa preciso para o caixeadado da beirarrúa e executando unha beirarrúa de ancho variable e ancho mínimo 2,5 metros, cun pavimento de 15 cm de formigón incluso mallazo, executado sobre 20 cm de saburra artificial, e cun bordo de formigón. Executarase ademais unha nova rede de drenaxe con tubaxe de PVC de diámetro 400 cos respectivos pozos e sumidoiros. Instalarase canalización soterrada para alumeadado público e renovarase a capa de rodaxe da calzada, previo fresado da existente, executando o paquete completo de firme de MBC nas zonas de aparcadoiro onde non había firme anteriormente. Por último renovarase a sinalización no treito afectado.

O proxecto contempla a expropiación dos terreos de dominio privado necesarios para realizar o ensanche da plataforma e a beirarrúa.

Con esta intervención perséguese delimitar claramente a circulación do tráfico rodado e peonil, segregando os espazos co fin de crear un itinerario peonil seguro para os colectivos máis vulnerables, sempre baixo as premisas de buscar un deseño que sexa comprensible, utilizable e practicable por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade.

VII.- *Co fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das Entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:*

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa para a execución do proxecto de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 9704 IGREXA DE CALEIRO, DO PQ 0+000 AO PQ 0+100. CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA”.



O proxecto establece a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns mediante a replanificación do treito da EP 9704 Igrexa de Caleiro. A actuación consiste na creación dun itinerario peonil entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+100 da EP 9704. Concretamente, as actuacións propostas teñen por finalidade a execución dun treito de beirarrúa na estrada EP 9704 Igrexa de Caleiro, demolendo a parte de pavimento que sexa preciso para o caixeo da beirarrúa e executando unha beirarrúa de ancho variable e ancho mínimo 2,5 metros, cun pavimento de 15 cm de formigón incluso mallazo, executado sobre 20 cm de saburra artificial, e cun bordo de formigón. Executarase ademais unha nova rede de drenaxe con tubaxe de PVC de diámetro 400 cos respectivos pozos e sumidoiros. Instalarase canalización soterrada para alumeado público e renovarase a capa de rodaxe da calzada, previo fresado da existente, executando o paquete completo de firme de MBC nas zonas de aparcadoiro onde non había firme anteriormente. Por último renovarase a sinalización no treito afectado.

Segunda.- Importe do convenio.

O importe ó que se refire a presente actuación ascende sesenta e sete mil douscentos corenta e catro euros con cincuenta e dous céntimos (67.244,52 €), máis catorce mil cento vinte e un euros con trinta e cinco céntimos (14.121,35 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total oitenta e un mil trescentos sesenta e cinco euros con oitenta e sete céntimos (81.365,87 €).

Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	65.092,70 €	80
Concello de Vilanova de Arousa	16.273,17 €	20
TOTAL OBRAS	81.365,87 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Vilanova de Arousa:

Organismo	Achega	%
Concello de Vilanova de Arousa	5.841,46 €	100
TOTAL EXPROPIACIÓNS	5.841,46 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 25/456.4530.612.02.2024 do vixente Orzamento Provincial do ano 2025.

A achega do Concello de Vilanova de Arousa será de 22.114,63 € (20% do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello. O importe da achega do Concello financiado con fondos propios deberá selle ingresar á Deputación no primeiro trimestre do exercicio correspondente.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan Máis Provincia, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Vilanova de Arousa.



De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección, control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Vilanova de Arousa obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Levar a cabo a conservación e mantemento de todos os servizos urbanos executados ou modificados polas actuacións obxecto deste convenio (itinerarios peonís, canalización de alumeado, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 3) Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fai referencia o apartado 2 desta cláusula.*
- 4) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*
- 5) Abonar o importe das expropiacións derivadas do presente convenio, incluídos os posibles incrementos de custo que se produzan nas mesmas durante a tramitación do expediente expropiatorio.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

Correspóndelle á Deputación de Pontevedra:

- 1) Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 9704 IGREXA DE CALEIRO, DO PQ 0+000 AO PQ 0+100. CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA.”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) A tramitación e xestión do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto.*
- 3) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 2) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 4) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*



Sétima.- Compensación de débedas

O Concello de Vilanova de Arousa faculta expresamente á Deputación para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.
- Propoñer ás partes a resolución das controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirase dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio, en todo caso ata o 31 de decembro de 2026.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes e de acordo co disposto no artigo 49 da LRXSP.

Décima.- Extinción.

O convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio por calquera das partes de conformidade co disposto no artigo 51 da LRXSP e as demais previstas no dito artigo.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico de sector público
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025.
- E demais normativa de obrigado cumprimento

As partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio. E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra
Luis López Diéguez

Polo Concello de Vilanova de Arousa
Gonzalo Durán Hermida

O Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay,



Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

3.35175.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS 2025 PARA OS CONCELLOS DE AGOLADA, BAIONA, BUEU, CALDAS DE REIS, CAMBADOS, A CAÑIZA, CERDEDO-COTOBADA, GONDOMAR, O GROVE, A GUARDA, MEAÑO, MOAÑA, MONDARIZ, MOS, NIGRÁN, POIO, PONTE CALDELAS, SALCEDA DE CASELAS, SALVATERRA DE MIÑO, SANXENXO, SILLEDA, TOMIÑO, TUI, VILA DE CRUCES E VILANOVA DE AROUSA (EXPTE. 2024073076)

1º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 31 de xaneiro de 2025, aprobáronse as bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais para o ano 2025 e foron publicadas no BOPPO núm.23 do 4 de febreiro de 2025.

O obxectivo desta convocatoria é o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento ás ditas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014.

2º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado 4 de marzo de 2025, os Concellos de Agolada, Baiona, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Gondomar, O Grove, A Guarda, Meaño, Moaña, Mondariz, Mos, Nigrán, Poio, Ponte Caldelas, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Sanxenxo, Silleda, Tomiño, Tui, Vila de Cruces e Vilanova de Arousa presentan a súa solicitude en forma e prazo.

3º.- Os anteditos Concellos atópanse ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, así como coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial. Non teñen ningún anticipo pendente de xustificación do Plan de Cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais do exercicio 2024 e presentaron a xustificación da mesma en prazo.



4º.- O servizo de Benestar Social emitiu informe favorable á adxudicación do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais de 2025 para ditos concellos e foron informados por Intervención favorablemente nas datas que se indican na táboa constando nos informes a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 25/231.2313.462.00 para facer fronte ó gasto para os citados concellos para o exercicio 2025.

CONCELLO	DATA INFORME	CSV
AGOLADA	04/04/2025	UEL92R2SVIWCQN58
BAIONA	02/04/2025	H2711MCZA7NGV108
BUEU	02/04/2025	T3L05JVYRVG3VIFX
CALDAS DE REIS	03/04/2025	7VH0H0NIB06DPPMA
CAMBADOS	03/04/2025	1ZO9CPDZNIMO622R
CAÑIZA, A	23/04/2025	50W3MBW84AJMWX8Z
CERDEDO-COTOBADE	03/04/2025	XWN67VZCWMK1TUJB
GONDOMAR	28/03/2025	UQYVCTVR8LUAAB9E
GROVE O	13/03/2025	URIIA0EEAEZ0VM82
A GUARDA	14/03/2025	CAPXHQ0H4FRUJDK1
MEAÑO	28/03/2025	4H6DG6M3JI70G7S9
MOAÑA	14/03/2025	C2QOWBSAG1569BI0
MONDARIZ	28/03/2025	53VTZI9X32H8BHWS
MOS	28/03/2025	3NU8WWONT*THAXFA2
NIGRÁN	27/03/2025	0DB6OE6K4UQJRK30
POIO	04/04/2025	V31ERBLA1CNZ0K0Z
PONTE CALDELAS	02/04/2025	PUUJ23UTQXQU5L5C
SALCEDA DE CASELAS	04/04/2025	1IC4MACRVPPPOGN6P
SALVATERRA DE MIÑO	27/03/2025	S4CHA2UNWEMH06F0
SANXENXO	23/04/2025	68QPOQR5X6DIRRY3
SILLEDA	27/03/2025	58B573SYSM7A8HK1
TOMIÑO	14/03/2025	9KBY7RLW1E7OFN53
TUI	28/03/2025	DZT0QKWJEUIX3TC7
VILA DE CRUCES	28/03/2025	B7VCJ8TYLDQ48FRK
VILANOVA DE AROUSA	28/03/2025	9JA738H72QUTG7IM



5º.- Considerando o establecido nas bases reguladoras do Plan de cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2025, así como nas aprobadas para a execución do vixente orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder ós concellos de Agolada, Baiona, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Gondomar, O Grove, A Guarda, Meaño, Moaña, Mondariz, Mos, Nigrán, Poio, Ponte Caldelas, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Sanxenxo, Silleda, Tomiño, Tui, Vila de Cruces e Vilanova de Arousa para o Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio de 2025 as contías seguintes que se imputarán á aplicación orzamentaria 25/231.2313.462.00 do vixente orzamento provincial:

CONCELLO	GASTOS DE PERSOAL	FINANCIAMENTO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	TOTAL
AGOLADA	30.631,62 €	31.097,77 €	61.729,39 €
BAIONA	41.757,14 €	24.572,00 €	66.329,14 €
BUEU	41.757,14 €	24.744,00 €	66.501,14 €
CALDAS DE REIS	41.757,14 €	23.865,00 €	65.622,14 €
CAMBADOS	41.757,14 €	27.628,00 €	69.385,14 €
CAÑIZA, A	41.757,14 €	23.382,86 €	65.140,00 €
CERDEDO- COTOBADE	30.631,62 €	39.999,28 €	70.630,90 €
GONDOMAR	41.757,14 €	29.840,00 €	71.597,14 €
GROVE O	44.162,00 €	35.144,29 €	79.306,29 €
A GUARDA	41.757,14 €	32.824,14 €	74.581,26 €
MEAÑO	41.757,14 €	28.000,00 €	69.757,14 €
MOAÑA	64.008,18 €	38.992,00 €	103.000,18 €
MONDARIZ	44.162,00 €	25.988,21 €	70.150,21 €
MOS	66.413,04 €	35.760,24 €	102.173,28 €
NIGRÁN	66.413,04 €	36.010,00 €	102.423,04 €
POIO	75.053,54 €	34.460,00 €	109.513,54 €
PONTE CALDELAS	41.757,14 €	25.362,29 €	67.119,43 €
SALCEDA DE CASELAS	56.489,95 €	21.140,57 €	77.630,52 €
SALVATERRA DE MIÑO	44.162,00 €	20.096,00 €	64.258,00 €
SANXENXO	66.413,04 €	35.270,00 €	101.683,04 €
SILLEDA	41.757,14 €	41.312,21 €	83.069,35 €
TOMIÑO	41.757,14 €	32.000,00 €	73.757,14 €
TUI	66.413,04 €	34.796,00 €	101.209,04 €
VILA DE CRUCES	41.757,14 €	33.802,32 €	75.559,46 €
VILANOVA DE AROUSA	66.413,04 €	37.835,48 €	104.248,52 €



4.35176.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “AMPLIACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA EN CAMBADOS” (EXPTE.2025021144)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 01/04/2025, mediante rexistro WEB2025024447, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello de CAMBADOS* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 294.904,15 euros, co obxecto do financiamento da actuación “*AMPLIACION DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA EN CAMBADOS*”, en base a un orzamento que importa 294.904,29 euros, financiando o Concello 0,14 euros con fondos propios.
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.
Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, ademais da declaración responsable presentada ante a Augas de Galicia, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas, do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, a autorización do Instituto de Estudos do Territorio, a autorización da Consellería do Medio Rural, a autorización da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a autorización da Consellería de Medio Ambiente, así como o ditame favorable da Comisión Técnica Municipal de Patrimonio.
As devanditas autorizacións, serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 02/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 04/04/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/04/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cambados*, CIF: P3600600E, unha subvención por importe de 294.904,15 euros co obxecto do financiamento do investimento “AMPLIACION DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO DE AUGA EN CAMBADOS” (exp: 2025021144)”, cuxo orzamento ascende a 294.904,29 euros, financiando o concello 0,14 euros con fondos propios.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial de Augas de Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas, do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, a autorización do Instituto de Estudos do Territorio, a autorización da Consellería do Medio Rural, a autorización da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a autorización da Consellería de Medio Ambiente, así como o ditame favorable da Comisión Técnica Municipal de Patrimonio. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cambados*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



5.35177.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA PARA O INVESTIMENTO “ACTUACIÓN EN CAMIÑO AGRELO EN CAMPO LAMEIRO DESDE P.K. 0,000 ATA P.K. 230,000” (EXPTE.2025021623)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do día 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025
- Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 07/03/2025 o Pleno da Corporación Provincial en sesión extraordinaria, por acordo número 3.8370, aproba a concesión dunha subvención ao concello de CAMPO LAMEIRO que importa 448.954,41 euros co obxecto de financiar a actuación denominada “ACTUACIONES EN CAMIÑO AGRELO EN CAMPO LAMEIRO DESDE P.K. 0,000 ATA P.K. 230,000 ” (exp: 2024077752) encadrado dentro do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

Orzamento	SUBVENCIÓN- PLAN EXTRA	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	ACHEGA MUNICIPAL
528.181,67	448.954,41	0,00	79.227,26

- En data 02/04/2025, mediante rexistro WEB2025025136, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do concello de CAMPO LAMEIRO na que, acolléndose ao disposto nas bases 1º e 23º das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 79.227,26 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria (Plan Extra) do investimento “ACTUACIONES EN CAMIÑO AGRELO EN CAMPO LAMEIRO DESDE P.K. 0,000 ATA P.K. 230,000 ”, cuxo orzamento ascende a 528.181,67 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención - Plan + Provincia 2025	FONDOS PROPIOS	PLAN PROVINCIA EXTRAOR. (PLAN EXTRA)
2025	528.181,67€	79.227,26€	0,00	448.954,41



- Segundo a documentación achegada, está pendente a adquisición da parcela con referencia catastral 36007A023000640000DW.
- A solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan + Provincia 2025, figurando no expediente a documentación requirida.
Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, estaba pendente de outorgamento a autorización da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e da Axencia Galega de Infraestruturas.
As devanditas autorizacións, así como a acta de trazado previo (anexo III), o acordo ou resolución de aprobación do proxecto que figura no expediente serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.
- Polo que respecta a adquisición da parcela con referencia catastral 36007A023000640000DW ó tratarse dunha subvención para financiar a achega do Concello ó Plan Extra, a mesma rexeráse polas bases reguladoras do dito Plan Extra, as cales establecen que no caso de adquisición de terreos ou bens, a titularidade deberá acreditarse no momento da xustificación do investimento.
- Precisar que a subvención que se conceda rexeráse polas normas reguladoras do plan que se co-financia, ademais os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans deben axustarse aos contemplados nas bases para os investimentos incluídos na liña 1 do Plan + Provincia 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 28/04/2025 e da Xefa do Servizo de Cooperación, de data 25/04/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 29/04/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de O Porriño*, CIF: P3603900F, unha subvención por importe de 78.202,17 euros, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, co obxecto do financiamento do investimento “*AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN CERQUIDO*” (expdte 2025020605), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado a 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.



- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de O Porriño*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

17.35189.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE REDONDELA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DE PORTO CABEIRO ENTRE A N-555 E O CAMIÑO DO CAMPIÑO, VILAR DE INFESTA” (EXPTE.2025019125)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 28/03/2025, mediante rexistro WEB2025022615, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do concello de REDONDELA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 530.307,86 euros, co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DE PORTO CABEIRO ENTRE A N-555 E O CAMIÑO DO CAMPIÑO, VILAR DE INFESTA”, cuxo orzamento ascende 530.307,86 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
530.307,86 €	530.307,86 €	0,00 €	0,00 €

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar así como documento de formalización de cesión de terreos precisos para levar a cabo a execución da actuación; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial do servizo de estradas do Ministerio de Transportes, da Axencia Estatal de Seguridade Aérea e de Patrimonio Cultural de Galicia.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 02/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 07/04/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/04/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Redondela* (CIF:P3604500C), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 530.307,86 euros co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DE PORTO CABEIRO ENTRE A N-555 E O CAMIÑO DO CAMPIÑO, VILAR DE INFESTA” (exp: 2025019125), cuxo orzamento ascende 530.307,86 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
530.307,86€	530.307,86€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado as autorizacións sectoriais da Unidade de Estradas do Estado en Pontevedra, da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) e do servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como o decreto ou o acordo de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (Anexo III) debidamente cumprimentada.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Redondela*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

18.35190.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SANXENXO, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE AIOS” (EXPTE.2025020730)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 01/04/2025, mediante rexistro WEB2025024384, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do concello de SANXENXO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 583.080,04 euros, co obxecto do financiamento do investimento “HUMANIZACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE AIOS”, cuxo orzamento ascende 674.190,01 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
674.190,01 €	583.080,04 €	0,00 €	91.109,97 €

En data 24/04/2025 WEB2025029849, o Concello emenda e completa a documentación achegada. Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización de Augas de Galicia.



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 02/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 25/04/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 29/04/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Sanxenxo* (CIF:P3605100A), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 583.080,04 euros co obxecto do financiamento do investimento “*HUMANIZACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE AIOS*” (exp: 2025020730), cuxo orzamento ascende 674.190,01 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos proprios do Concello
674.190,01€	583.080,04€	0,00€	91.109,97€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado a autorización sectorial de Augas Galicia, así como o decreto ou o acordo de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Sanxenxo*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

19.35191.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TOMIÑO, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA DO INVESTIMENTO “IMPLANTACIÓN DO NOVO MODELO DE RESIDUOS” (EXPTE.2025021179)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do día 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025

Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos

En data 02/04/2025, mediante rexistro WEB2025024792, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do concello de TOMIÑO na que, acolléndose ao disposto nas bases 1º e 23º das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 299.381,23 euros, co obxecto do financiamento da aportación municipal ao Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra do investimento “IMPLANTACIÓN DO NOVO MODELO DE RESIDUOS”, cuxo orzamento ascende 1.197.524,90 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas (Plan Extra)	Fondos propios do Concello
1.197.524,90€	299.381,23€	898.143,67€	0,00€



En relación coa titularidade municipal dos elementos nos que se van desenvolver as actuacións, o concello de Tomiño adquire terreos ou bens cuxa titularidade se compromete a acreditar no momento da xustificación do investimento.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, agás no relativo á titularidade dos terreos e acta de trazado previo, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación; precisando que a execución deste investimento así como a súa xustificación suxeitarase as normas do plan que se co-financia conforme ao establecido na base 23ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan +Provincia 2025
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 03/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 14/04/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 22/04/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello de Tomiño*, CIF: P3605400E, ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, por importe de 299.381,23 euros co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra do investimento “*IMPLANTACIÓN DO NOVO MODELO DE RESIDUOS*” (expediente nº: 2025021179), cuxo orzamento ascende 1.197.524,90 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas (Plan Extra)	Fondos propios do Concello
1.197.524,90 €	299.381,23 €	898.143,67 €	0,00 €

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello acredite, coa primeira xustificación do gasto realizado, a titularidade e dispoñibilidade dos terreos, e achegue a acta de trazado previo (Anexo III) debidamente cumprimentada.
- A execución e xustificación deste investimento rexerase polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra aprobado por acordo plenario núm. 2.8272 de 18/10/2024 (BOPPO nº206 do 22/10/2024).
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tomiño*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

20.35192.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VALGA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “BALIZAMENTO NO ENTORNO DA LAGOA DE PORTO PIÑEIRO” (EXPTE.2025018579)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.



Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 25/03/2025, mediante rexistro WEB2025021623, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do concello de VALGA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 60.737,72 euros, co obxecto do financiamento do investimento “BALIZAMENTO NO ENTORNO DA LAGOA DE PORTO PIÑEIRO”, cuxo orzamento ascende 366.188,60 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas (Consellería de Industria)	Fondos propios do Concello
366.188,60 €	60.737,72 €	292.950,88 €	12.500,00 €

En datas posteriores, o Concello emenda e completa a documentación achegada.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 29/04/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 30/04/2025 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Valga* (CIF:P3605600J), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 60.737,72 euros co obxecto do financiamento do investimento “BALIZAMENTO NO ENTORNO DA LAGOA DE PORTO PIÑEIRO” (exp: 2025018579), cuxo orzamento ascende 366.188,60 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
366.188,60€	60.737,72€	292.950,88€	12.500,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Valga*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

21.35193.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE VIAIS NO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA” (EXPTE.2025020624)

ANTECEDENTES:

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.



Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 01/04/2025, mediante rexistro WEB2025024155, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do *Concello de Vilanova de Arousa* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 165.153,07 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*MELLORA DE VLAIS NO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA*”, cuxo orzamento ascende 165.153,07 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
165.153,07 €	165.153,07 €	0,00 €	0,00 €

En datas posteriores, o Concello emenda e completa a documentación achegada.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización de Augas de Galicia, da administración titular da EP-9703, do órgano competencia en materia de Patrimonio, do órgano competente en protección forestal e da administración titular da vía V.G. 4.3., da PO_549 e PO_302.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.



- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 22/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 25/04/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 28/04/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilanova de Arousa* (CIF:P3606100J), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 165.153,07 euros co obxecto do financiamento do investimento “*MELLORA DE VIAIS NO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA*” (exp: 2025020624), cuxo orzamento ascende 165.153,07 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
165.153,07€	165.153,07€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado as autorizacións sectoriais de Augas de Galicia, do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en materia de patrimonio cultural, da Consellería do Medio Rural en materia de protección agropecuaria e en materia de protección forestal e da Axencia Galega de Infraestruturas.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilanova de Arousa*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

22.35194.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILABOA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN DE VÍAS MUNICIPAIS. RAMALLEIRA, FIGUEIRIDO E BARCIELA” (EXPTE.2025020652)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 01/04/2025, mediante rexistro WEB2025024212, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do concello de VILABOA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 140.000,73 euros, co obxecto do financiamento do investimento “PAVIMENTACIÓN DE VÍAS MUNICIPAIS. RAMALLEIRA, FIGUEIRIDO E BARCIELA”, cuxo orzamento ascende 140.000,73 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
140.000,73 €	140.000,73 €	0,00 €	0,00 €

En datas posteriores, o Concello emenda e completa a documentación achegada.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, da Deputación de Pontevedra, do Servizo de Patrimonio Cultural e declaración responsable ante Augas de Galicia.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 02/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 07/04/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 10/04/2025 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilaboa* (CIF:P3605800F), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 140.000,73 euros co obxecto do financiamento do investimento “PAVIMENTACIÓN DE VLAIS MUNICIPAIS. RAMALLEIRA, FIGUEIRIDO E BARCIELA” (exp: 2025020652), cuxo orzamento ascende 140.000,73 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
140.000,73€	140.000,73€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado as autorizacións sectoriais da Demarcación de Estrados do Estado en Galicia, do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación Provincial de Pontevedra, así como o decreto ou o acordo de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (disponíbles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilaboa*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

23.35195.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DO FIRME NA RÚA FONTECARMOA E TRAVESÍAS ROSALÍA DE CASTRO” (EXPTE.2025021331)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 02/04/2025, mediante rexistro WEB2025024994, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do concello de VILAGARCÍA DE AROUSA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 61.055,49 euros, co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DO FIRME NA RÚA FONTECARMOA E TRAVESÍAS ROSALÍA DE CASTRO”, cuxo orzamento ascende 61.221,09 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
61.221,09 €	61.055,49 €	0,00 €	165,60 €



Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (AXI).

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 03/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 07/04/2025. que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/04/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilagarcía de Arousa* (CIF:P3606000B), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 61.055,49 euros co obxecto do financiamento do investimento “*MELLORA DO FIRME NA RÚA FONTECARMOA E TRAVESÍAS ROSALÍA DE CASTRO*” (exp: 2025021331), cuxo orzamento ascende 61.221,09 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
61.221,09€	61.055,49€	0,00€	165,60€



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a concesión da presente subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

24.35196.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2025 (EXPTE.2025004260)

Antecedentes:

Primeiro. A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 14 de febreiro de 2025 aprobou as bases de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra no ano 2025.

Segundo. As referidas bases publicanse no BOPPO núm. 38 de 25 de febreiro de 2025, establecendo nas mesmas que o prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO e na BDNS.

Terceiro. Trala reunión da Comisión de Valoración nomeada ao efecto con data 30/04/2025, a xefatura do Servizo de Cultura, na mesma data, emite informe proposta respecto das solicitudes presentadas. Consta no expediente a relación de persoas beneficiarias así como aquelas que deben ser desestimadas polos motivos que se indican.

Cuarto. Con data 02/05/2025 desde Intervención emiten informe de fiscalización favorable que figura no expediente co CSV: A98RY5XN8N3836UF.

Fundamentos:

Primeiro. Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 55/2007, de 28 de decembro, do cinema



- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; artigo 232 no caso de tratarse de Asociacións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o art. 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como o art. 19 da Lei de subvencións de Galicia sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

Cuarto.- Adicionalmente, de conformidade co establecido no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118 d) a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Quinto.- En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas, de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a concesión de subvencións a 6 entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de audiovisuais na provincia de Pontevedra, no ano 2025, por un importe total de 170.000,00 € con cargo á aplicación 25/330.3340.489.05 e que figuran na relación co CSV: JM2HFVIFHVWJZNVJ e que se relacionan a continuación:



Denominación: ENTIDADES PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS
Referencia: CU_A/25
Relación: RELAC/2025000013 DE DATA 30/04/2025
Importe relación: 170.000,00 €
Importe concedido: 170.000,00 €
Expedientes relación: 6
Finanzamento:

Aplicación	Descripción	Importe
25/330.3340.489.05	OUTRAS TRANSFERENCIAS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS,	170.000,00 €

CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPUESTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE BUEU (PONTEVEDRA)					
(1) G94146362 ASOCIACION CULTURAL CINEMATOGRAFICA DE GALICIA FICBUEU 2025018516 - 18ª Festival Internacional de Cinema de Bueu	130.521,73 €	39.000,00 €	30.371,23 €	154,00	23,27 % Concurrencia competitiva
TOTAL BUEU (1)			30.371,23 €		
CONCELLO DE PONTEVEDRA (PONTEVEDRA)					
(2) G94151610 ASOCIACION CULTURAL E CINEMATOGRAFICA NOVOS CINEMAS 2025018592 - Novos Cinemas. Festival Internacional de cinema de Pontevedra. Edición 10	101.309,81 €	30.000,00 €	25.046,40 €	127,00	24,72 % Concurrencia competitiva
TOTAL PONTEVEDRA (1)			25.046,40 €		
CONCELLO DE PORRIÑO, O (PONTEVEDRA)					
(3) G36442192 ASOCIACION CULTURAL Y DEPORTIVA DO PORRIÑO ARELA 2025018631 - XXII Festival de Cans 2025	193.457,06 €	40.000,00 €	33.526,68 €	170,00	17,33 % Concurrencia competitiva
TOTAL PORRIÑO, O (1)			33.526,68 €		
CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA)					
(4) G36466670 ASOC CULTURAL ENFOQUES-TUI 2025016318 - Play Doc Festival Internacional de Cinema e Documental de Tui. 21 Edición	132.500,00 €	39.500,00 €	37.668,22 €	191,00	28,43 % Concurrencia competitiva
TOTAL TUI (1)			37.668,22 €		
CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA)					
(6) G37877703 ASOC CULTURAL ABELLA PRODUCCIONES 2025018666 - Galician Freaky Film Festival 9ª Edición	60.005,00 €	23.900,00 €	18.932,71 €	96,00	31,55 % Concurrencia competitiva
TOTAL VIGO (1)			18.932,71 €		
CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (PONTEVEDRA)					
(8) G94137379 ASOCIACION CURTAS FILM FEST 2025018054 - Curtas Festival do Imaxinario 2025	106.500,00 €	27.500,00 €	24.454,76 €	124,00	22,96 % Concurrencia competitiva
TOTAL VILAGARCÍA DE AROUSA (1)			24.454,76 €		

Pontevedra, 30 de abril de 2025

O/A Xefe/a do Servizo

30/04/2025 09:06:06
Páxina 1 de 1



Segundo.- Excluír desta convocatoria un total de dúas solicitudes que figuran no expediente co CSV:DBJHR4NNASB8Y5F2 e que se relacionan a continuación:

Concello	DNI/CIF	Terceiro	Asunto	Estado
Redondela	G09757576	Asociación Cultural e Deportiva Andaina	XIII Festival internacional de curtametraxes e diversidade funcional Andaina	Non reúne os requisitos das bases
Vigo	G36649374	Asoc. de Vecinos Nosa Terra de Alcabre	Festival Nosa Terra San Xoán 2025	Desistencia da solicitude

25.35197.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “REPARACIÓN DE DANOS NA PONTE SOBRE O RÍO TEA NA E.P. 4401 MONDARIZ BALNEARIO-FOZARA (CONCELLOS DE MONDARIZ BALNEARIO E MONDARIZ)”. (EXPTE.2025008072)

Resultando.-Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 4401 MONDARIZ -BALNEARIO – FOZARA que percorre os termos municipais de Mondariz Balneario e Mondariz pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 4.383 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder a reparación dos danos estruturais que afectan a ponte sobre o río Tea, no P.Q. 0+000 da estrada EP-4401. Aprécianse danos nos estribos de fábrica de pedra, no taboleiro de vigas de formigón armado e na ampliación con vigas de formigón pretensado.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polos enxeñeiros de camiños, canais e portos Manuel Durán Fuentes e Alberto Arias Durán, adscritos á empresa EIC DURÁN, SL., o proxecto de execución da obra “Reparación de danos na ponte sobre o río Tea na E.P. 4401 Mondariz Balneario-Fozara (Concellos de Mondariz Balneario e Mondariz)” cun orzamento base de licitación de 494.180,00 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 772G0CCFY81ISLRX.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Reparación de danos na ponte sobre o río Tea na E.P. 4401 Mondariz Balneario-Fozara (Concellos de Mondariz Balneario e Mondariz)”

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12025000042233 por importe de 494.180,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial certificando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: LIJU5CVGKCMK1CEG.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: KW1XP4NNWBPVMKXT, informe de supervisión do proxecto favorable, emitido polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas D. Evaristo Juncal Froján.

Considerando.- De acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo a) Obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación ao tratarse dunha obra de reparación da ponte existente en mal estado polo natural uso do mesma ao longo do tempo.

Considerando.- Que se fai necesaria autorización do Servizo de Patrimonio Natural xa que a actuación está situado no ZEC do río Tea, declarado como tal o 31 de marzo de 2014 polo Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. Consta no expediente con CSV: NFH86CNN4UJ24B4S informe do Servizo de Patrimonio Natural ó respecto.

Considerando.- Que se fai necesaria tamén a autorización do Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra por atoparse a actuación nunha zona afectada por autorizacións de aproveitamentos de augas minerais, industriais e de manancial, constando no expediente con CSV: W03OU6AGB0WKILC1 a citada autorización.

Considerando.- Que finalmente é necesaria a autorización da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil por tratarse dunha actuación sobre a canle do río Tea. Consta no expediente con CSV: FCMBJW43ZDZO8HUJ, a citada autorización.

Considerando.- Que a maiores, non é necesario ningunha autorizacións mais derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte ao artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.



Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Reparación de danos na ponte sobre o río Tea na E.P. 4401 Mondariz Balneario-Fozara (Concellos de Mondariz Balneario e Mondariz)*” redactado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos Manuel Durán Fuentes e Alberto Arias Durán, adscritos á empresa EIC DURÁN, SL, cun orzamento base de licitación de 494.180,00 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 772G0CCFY81ISLRX.

26.35198.- AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN DO INICIO DA EXECUCIÓN DO CONTRATO MIXTO DE EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DO PROXECTO IDAE NUM PR-D5000-2021-000380 “INSTALACIÓNS XEOTÉRMICAS SOSTIBLES II”, DENTRO DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA INVERSIÓNS EN PROXECTOS SINGULARES LOCAIS DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000) NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. (EXPTE.2024045467)

Mediante acordo da Xunta de Goberno número 50.32428 na sesión realizada o día 10 de marzo do presente ano aprobouse o expediente para a contratación dos traballos do proxecto IDAE num PR -D5000-2021-000380 “Instalacións xeotérmicas sostibles II” dentro do programa de axudas para inversión en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que comprende as seguintes actuacións:

Lote	Denominación
Lote nº 1	Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia na casa do concello de A Cañiza.
Lote nº2	Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia no centro sociocultural de A Illa de Arousa



A Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 21/02/2025, acordou adxudicar a contratación da execución dos traballos do proxecto IDAE núm. PR-D5000-2021-000380 “INSTALACIÓNS XEOTÉRMICAS SOSTIBLES II” dentro do programa de axudas para inversión en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, dos lotes Nº1 Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia na casa do concello de A Cañiza e do lote nº2 Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia no centro sociocultural de A Illa de Arousa, á empresa Grundila, S.L (B32323370).

Cuarto.- Con data 11/03/2025 formalizáronse entre a Deputación de Pontevedra e Grundila, S.L, os contratos administrativos de ambos lotes.

O Prego de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares ao que está suxeito o contrato indica o seguinte:

Apartado 21.2 Inicio da execución “A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do replanteo. Para tales efectos, no prazo máximo dun mes desde a data da súa formalización, agás casos excepcionais xustificadas, o servizo da Administración encargado das obras procederá, en presenza da ou do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo[...]”

Na cláusula 21.3. establécese que “No suposto de que concorran circunstancias que impidan formalizar a acta de comprobación do replanteo en sentido favorable, ou nos que a directora ou director facultativo considere necesaria a modificación das obras proxectadas, levantarase a correspondente acta, dándolle conta inmediata á Administración. O órgano de Contratación resolverá o que proceda e, no seu caso, declarará suspendida a iniciación das obras desde o día seguinte ao da sinatura da acta. Desaparecida a causa que motivou a suspensión o órgano de Contratación ditará a resolución correspondente, que se lle notificará á ou ao contratista, comezando a contarse o prazo de execución desde o día seguinte ao da súa recepción ou do seu rexeitamento.”

Apartado 21.1.4 Solicitud de licenzas, autorizacións e impostos “A ou o contratista, como substituto da Administración, está obrigado a xestionar o outorgamento de todas as licenzas, impostos, autorizacións e requirimentos establecidos nas normas e ordenanzas municipais e de calquera outro organismo público ou privado que sexan necesarios para o inicio , execución e entrega ao uso ou servizo das obras, solicitando da Administración os documentos que para iso sexan necesarios, sen prexuízo da actuación que a esta última lle corresponda.

Con data 14/04/2025 pola Xefa do Servizo de Cooperación emítese informe solicitando a suspensión do inicio da execución das obras informando o seguinte:

Con data 25/03/2025 a empresa Grundila SL. presenta no rexistro electrónico da Xunta de Galicia con número de entrada 2025/857632 e 2025/85865, e destino a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas, as solicitudes de autorización administrativa de perforación de pozos xeotérmicos para os proxectos “*INSTALACIÓN DE XERACIÓN TÉRMICA RENOVABLE MEDIANTE XEOTERMIA NA CASA DO CONCELLO DE A CAÑIZA*” e de “*INSTALACIÓN DE XERACIÓN TÉRMICA RENOVABLE MEDIANTE XEOTERMIA NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE A ILLA DE AROUSA*”.



Con data 11/04/2025 o representante da empresa Grundila S.L e o director de obra, asinan as actas de comprobación de replanteo.

O director de obra indica nas actas asinadas que se procede á suspensión do inicio da execución dos traballos indicando:

“Na data actual atópase solicitada a Autorización sectorial de perforación de pozos xeotérmicos na Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, incluída no expediente Cividas da obra co CSV:OM5FK8D3FQI9V6D4.

Mentres a dita autorización non obteña resposta favorable suspéndese o inicio da execución das obras.”

A empresa contratista expresa a súa conformidade coa súa sinatura e o inicio dos traballos queda suspendido ata que se realice dita documentación e sexa aprobada.

Considerando que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Autorizar a suspensión do inicio da execución do contrato dos traballos do proxecto IDAE num PR - D5000-2021-000380 *“Instalacións xeotérmicas sostibles IP”* dentro do programa de axudas para inversión en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que comprende as seguintes actuacións:



Lote	Denominación
Lote n 1	Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia na casa do concello de A Cañiza.
Lote n 2	Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia no centro sociocultural de A Illa de Arousa

O prazo de duración da suspensión comprende dende o día 11/04/2025 ata que se formalice entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, unha vez resoltas as causas que deron lugar a suspensión.

27.35199.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO, FORMALIZADO COA EMPRESA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN ALTA E BAIXA TENSIÓN PARA OS CENTROS, EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA DEPUTACIÓN (EXPTE.2023021435))

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 12 de abril de 2024, acordou adxudicar o contrato relativo á “*Subministración de enerxía eléctrica en alta e baixa tensión para os centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra*” á empresa Gas Natural Comercializadora SA (NIF: A61797536) polos prezos e valores ofertados conforme o reflexado no citado acordo.

Resultando.- Que o contrato formalizouse en documento administrativo de data 15 de maio de 2024, sendo o prazo de duración dun ano, a contar dende a data de inicio da subministración pola comercializadora adxudicataria.

Resultando.- Que mediante escrito presentado a través da Sede electrónica (Rex_WEB2024043106), a adxudicataria comunica as datas de inicio do subministro de gas nos distintos centros da Deputación, fixando como data de inicio o día 14 de maio de 2024.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: MLYDBH5CHDGRG60Y informe do responsable do contrato solicitando prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos dende 15 de maio de 2025 ata o 14 de maio de 2026.

Resultando.- Que no citado informe se recolle o seguinte: “...O nivel de prestación foi satisfactorio, con inexistencia de incumprimentos por parte da contratista que xustifiquen, no seu caso, a improcedencia da prórroga. 2. A prórroga proposta non supón a alteración das características do contrato, especialmente respecto ao prezo aprobado...”

Resultando.- Que, con data 30 de abril do 2025, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito para atender as obrigas que se deriven da presente prórroga deste contrato (CSV: XTU6IB5NTQFHVF74).



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 7EF0L2OH3AMI98LI preaviso notificado ás empresas contratistas realizado coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da LCSP sendo polo tanto dita prórroga obrigatoria para os contratistas.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 8H29G9R9Z8U8FR5G informe conxunto emitido polo xefe de servizo de Contratación, o Secretario Xeral da Deputación e a Intervención, que conclúe o seguinte: *“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga do contrato que rexe a “Subministración de enerxía eléctrica en alta e baixa tensión para os centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra” por un ano, desde o 15 de maio de 2025 ao 14 de maio de 2026. O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 15 de maio do 2025...”*

Considerando.- Que o apartado 6 do Prego de cláusulas económico administrativas particulares, recolle que o contrato este contrato pode esta suxeito a 3 prorrogas cunha duración máxima de cada prórroga dun ano.

Considerando.- Que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Considerando.- Que tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a primeira prórroga do contrato que rexe a *“Subministración de enerxía eléctrica en alta e baixa tensión para os centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra”* subscrito coa empresa Gas Natural Comercializadora, S.A. (NIF: A61797536), durante o período que vai desde o 15 de maio de 2025 ata o 14 de maio de 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Anualidade	Centro xestor	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025 (15/05/2025- 31/12/2025)	Arquitectura	920.9200.221.00 Pazo Provincial	40.267,74 €
		920.9200.221.00 Edificio Administrativo	63.205,13 €
		920.9200.221.00 Sede de Vigo	9.034,42 €
		920.9200.221.00 Rúa Nova de Abaixo 1ºdrto (Pontevedra)	59,47 €
		920.9200.221.00 Rúa Pico del Alba 1ºIzq (Madrid)	42,89 €
		920.9200.221.00 Rúa Coruña 26 (Tui)	340,74 €
	Turismo Rías Baixas	433.4320.221.00 Palacete das Mendoza	10.743,26 €
		433.3360.221.00 Castelo de Soutomaior (vinculación xurídica)	10.451,54 €
		433.3363.221.00 Castelo de Sobroso (vinculación xurídica)	5.388,07 €
	Asistencia Intermunicipal	923.1623.221.00 Oficina Revitaliza	2.298,84 €
	Cooperación cos municipios	942.4330.221.00 Viveiro de Barro (Servizos xerais, Of. 14 e 15)	36.615,02 €
		942.4330.221.00 Viveiro de Lalín	5.998,12 €
	Finca Mouriscade	410.4120.221.00 Laboratorio Finca Mouriscade (vinculación Xurídica)	48.908,19 €
	Infraestruturas	456.4530.221.00 Parque Maquinaria Barro	21.156,31 €
		456.4530.221.00 Parque Maquinaria Lalín	1.818,46 €
		456.4530.221.00 Parque Maquinaria Gondomar	2.313,91 €
		456.4530.221.00 Ponte de Catoira	4.735,56 €
	Medio Ambiente	410.4100.221.00 Lodeiro 1 (Campo Lameiro) Coto Cutián	285,81 €
	Areeiro	413.4123.221.00 Estación Fitopatolóxica Areeiro	54.374,89 €



	ORAL	932.9320.221.00 Oral Pontevedra: Av. Marín 19 e Av. Marín 9	18.927,24 €	
		932.9320.221.00 Oficinas periféricas: A Estrada, O Porriño, Moaña, Vilanova de Arousa, Nigrán, Caldas de Reis, Tui, Sanxenxo, Lalín e Pontearreas	19.358,82 €	
	Centro Príncipe Felipe	232.2312.221.00 Av Montecelo 12 - 1	120.950,09 €	
		232.2312.221.00 Av Montecelo 12 - 2	93.719,66 €	
		232.2312.221.00 Rúa Amado Carballo 10D e Rúa Amado Carballo 2B	94,07 €	
	Museo de Pontevedra	333.3330.221.00 Ruínas de Santo Domingo	699,22 €	
		333.3330.221.00 Fernández López	24.259,24 €	
		333.3330.221.00 Edificio Castelao	310.345,51 €	
	2026 (01/01/2026-14/05/2026)	Arquitectura	920.9200.221.00 Pazo Provincial	24.160,65 €
			920.9200.221.00 Edificio Administrativo	37.923,08 €
920.9200.221.00 Sede de Vigo			5.420,65 €	
920.9200.221.00 Rúa Nova de Abaixo 1ºdrto (Pontevedra)			35,69 €	
920.9200.221.00 Rúa Pico del Alba 1ºIzq (Madrid)			25,74 €	
920.9200.221.00 Rúa Coruña 26 (Tui)			204,44 €	
Turismo Rías Baixas		433.4320.221.00 Palacete das Mendoza	6.445,96 €	
		433.3360.221.00 Castelo de Soutomaior	6.270,93 €	
		433.3363.221.00 Castelo de Sobroso	3.232,85 €	
Asistencia Intermunicipal		923.1623.221.00 Oficina Revitaliza	1.379,30 €	
Cooperación cos municipios		942.4330.221.00 Viveiro de Barro (Servizos xerais, Of. 14 e 15)	21.969,01 €	
		942.4330.221.00 Viveiro de Lalín	3.598,87 €	
Finca Mouriscade		410.4120.221.00 Laboratorio Finca Mouriscade	29.344,91 €	
Infraestruturas		456.4530.221.00 Parque Maquinaria Barro	12.693,79 €	
		456.4530.221.00 Parque Maquinaria Lalín	1.091,07 €	
		456.4530.221.00 Parque Maquinaria Gondomar	1.388,35 €	
		456.4530.221.00 Ponte de Catoira	2.841,34 €	
Medio Ambiente		410.4100.221.00 Lodeiro 1 (Campo Lameiro) Coto Cutián	171,48 €	



	Areeiro	413.4123.221.00 Estación Fitopatolóxica Areeiro	32.624,94 €
	ORAL	932.9320.221.00 Oral Pontevedra: Av. Marín 19 e Av. Marín 9	11.356,34 €
		932.9320.221.00 Oficinas periféricas: A Estrada, O Porriño, Moaña, Vilanova de Arousa, Nigrán, Caldas de Reis, Tui, Sanxenxo, Lalín e Pontearcas	11.615,30 €
	Centro Príncipe Felipe	232.2312.221.00 Av Montecelo 12 - 1	72.570,06 €
		232.2312.221.00 Av Montecelo 12 - 2	56.231,79 €
		232.2312.221.00 Rúa Amado Carballo 10D e Rúa Amado Carballo 2B	56,45 €
	Museo de Pontevedra	333.3330.221.00 Ruínas de Santo Domingo	419,53 €
		333.3330.221.00 Fernández López	14.555,55 €
		333.3330.221.00 Edificio Castelao	186.207,30 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2026 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

28.35200.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO CORRECTIVO E SOPORTE ESPECIALIZADO DA SOLUCIÓN TECNOLÓXICA PARA A CATALOGACIÓN, XESTIÓN E DIFUSIÓN DA QUE DISPÓN A DEPUTACIÓN PARA A EXPLOTACIÓN DO PATRIMONIO ARQUIVÍSTICO E BIBLIOGRÁFICO. (EXPTE.2025006084)

Son competencias propias da Deputación, ademais das que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública, as establecidas no art. 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime Local. Concretamente no artigo 36.1.b. da citada Lei, sinalase entre as funcións das deputacións “a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión”. Dentro dela concíbese a asistencia en materia de patrimonio documental.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico e do Museo de Pontevedra, xestiona unha importante cantidade de fondos culturais de diferente tipoloxía.

O patrimonio documental da Provincia, pese a ser de titularidade variada, encóntrase debidamente organizado e descrito, contando para iso coa colaboración, prolongada no tempo, da Deputación de Pontevedra.



Entre estes organismos que reciben asistencia destacan: o Arquivo Provincial da Deputación de Pontevedra, Museo de Pontevedra, concellos da Provincia, entidades locais menores, Xulgados de Paz, outras entidades.

Para a xestión dos mesmos a Institución dispón actualmente dunha solución, composta principalmente, por 3 aplicativos: Sistema de xestión bibliográfico, baseado no sistema Koha ILS, Sistema de xestión arquivístico, baseado no sistema AtoM, Sistema OPAC, baseado no Discovery Tool Vufind versión 2 (portal ATOPO).

A solución implantada foi desenvolta no seu momento partindo dos aplicativos Open Source AtoM, Koha, Vufind, e foi evolucionada en función das necesidades do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico e do Museo de Pontevedra.

Esta solución permitiu á Deputación de Pontevedra e aos concellos da provincia normalizar e estandarizar de forma automatizada os seus procedementos arquivísticos e bibliotecarios, homoxeneizar os sistemas software de xestión empregados e, por último, mellorar a difusión e o acceso ó patrimonio cultural da provincia de Pontevedra.

O xefe do servizo de novas tecnoloxías mediante providencia de inicio de data 14/02/2025 informa da necesidade o igual que para calquera outra solución/aplicación informática, de contratación dun servizo de mantemento correctivo e de soporte especializado, que permita resolver calquera incidencia que afecte o normal funcionamento da mesma, de forma que se garanta o correcto desenvolvemento da actividade de catalogación, xestión e difusión do Patrimonio Arquivístico e Bibliográfico.

Dado que a Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente este servizo xa que non conta con persoal especializado nesa materia e en canto a opción de non ampliar o equipo do servizo para tal fin hai que considerar que si se externaliza conseguiríase un servizo de soporte técnico 24x7x365, algo que de realizarse con medios propios sería moito máis custoso, polo que é necesario acudir a unha contratación externa.

En base ao exposto, con data 14/02/2025, o xefe do servizo de Novas tecnoloxías, emite informe no que, co visto e prace do deputado delegado, propón a contratación dun servizo de mantemento correctivo e apoio especializado da solución tecnolóxica para a catalogación, xestión e difusión da que dispón a Deputación de Pontevedra para a explotación do patrimonio arquivístico e bibliográfico. O contrato proposto ten un prazo de duración de dous anos, con posibilidade de dúas prórrogas, e un orzamento base de licitación de 135.718,06 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 22/04/2025, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizo. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 14/03/2025, solicita o preceptivo informe á Secretaría.



Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 20/03/2025 co csv 9KUFI0URMIYI7OUG.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 23/04/2025 co csv XMMOWJUQG2004KT1., no que recollen as seguintes observacións e recomendacións:

“Coa formalización do contrato, deberán reaxustarse os importes correspondentes ás anualidades tendo en conta, a data da sinatura do mesmo.

Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense criterios avaliábles mediante xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato, que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos de acordo, co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Nos criterios avaliábles mediante un xuízo de valor en xeral, debe estar perfectamente definido o que se vai a valorar coa maior concreción posible, de xeito que se facilite o seu coñecemento ás empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e ó mesmo tempo, reducir unha posible discrecionalidade na valoración. Polo que, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.”

Na aplicación 2025/926.9260.227.23 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto da anualidade 2025 (7 meses) a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12025000025464 por importe de 39.584,43€. No vixente orzamento provincial realízase a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2026 mediante o documento RCFUT (2026) nº 12025000025466 por importe de 67.859,03€, quedando condicionado o gasto para todas as anualidades futuras (2026 e 2027) á aprobación dos respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias que serán, no seu caso, a 2026/926.9260.227.23 (67.859,03€) e 2027/926.9260.227.23 (28.274,60€ - 5 meses).

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de mantemento correctivo e apoio especializado da solución tecnolóxica para a catalogación, xestión e difusión da que dispón a Deputación de Pontevedra para a explotación do Patrimonio arquivístico e bibliográfico*”.

O prazo de duración do contrato será de dous anos a contar desde a data da formalización.

Establécese a posibilidade de dúas prórrogas de un ano de duración cada unha.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 135.718,06 euros.

O valor estimado é de 224.327,36€.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: PE9UP5XRHTTCLK54) e de prescricións técnicas (CSV: FCB3MJTDI0KSN0TW) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 135.718,06 euros, de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025 (7 meses)	25/926.9260.227.23	39.584,43€
2026	26/926.9260.227.23	67.859,03€
2027 (5 meses)	27/926.9260.227.23	28.274,60€
	Total	135.718,06€

Os importes correspondentes ás anualidades 2026 e 2027, quedarán condicionados a aprobacións dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

A distribución por anualidades poderá sufrir variacións en función da data de formalización do contrato.

4.- Nomear responsable do contrato ao Xefe do servizo de Novas tecnoloxías.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.



29.35201.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (A-36.196.418), A FAVOR DA UTE ABRAMAR-EOSA, PARA RESPONDER DO CONTRATO RELATIVO A “ASISTENCIA TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE WORKSHOPS CON ACTORES DO ÁMBITO TURÍSTICO PARA A PROMOCIÓN DO DESTINO RÍAS BAIXAS” (EXPTE.2021061290) (DEVOGARÁN 2025014072)

Por acordo número 17.31468 adoptado pola da Xunta de Goberno, celebrada en sesión ordinaria, de data 18 de marzo de 2022 (CSV.- AKDFW3DUKRPPZJHH), adxudicouse, mediante procedemento aberto o “Servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas”. (Núm. Expte. 2021061290)

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Estrategia y Organización, S.A.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (A-36.196.418)	4.869,04€	202200055719	14/03/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Turismo Rías Baixas (CSV.- JEX6V9R0ZW5RG36T), no cal sinala que “(...) a entidade mercantil *ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (A-36.196.418)*, *cumpriu satisfactoriamente dito contrato, non incorrendo en anomalía, incidencia ou responsabilidade derivada da execución do mesmo, polo que segundo dispón o artigo 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público procede a devolución da garantía definitiva (...)*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.-4MKQ857QAMR2FYDU), no cal indica que existen na caixa da Deputación as constituicións por parte da entidade mercantil *ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de asistencia Técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas*” (Núm. Expte. 2021061290), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (A-36.196.418), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

- o A constituída en valores, mediante aval da entidade ABANCA -Inscrito no Rexistro especial de avais, co nº 673559-, por importe de catro mil oitocentos sesenta e nove euros con catro céntimos (4.869,04 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 04/03/2022, segundo mandamento de ingreso con número de Carta de Pago 2022000055719 (Nº operación 12024000030583).

30.35202.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA THE MAD PIXEL FACTORY, S.L. (B-82.521.519), PARA RESPONDER DA CONTRATACIÓN DO SISTEMA DE VISITAS VIRTUAIS 360 EN RESOLUCIÓN XIGAPIXEL E IMPLEMENTACIÓN EN ENTORNO WEB PARA O MUSEO PONTEVEDRA. (EXPTE.2021026470) (DEVOGARÁN 2025024123)

Por acordo número 10.30862 adoptado pola da Xunta de Goberno, celebrada en sesión ordinaria, de data 08 de outubro de 2021 (CSV.- RGY0YQU3MZXLG730), adxudicouse, mediante procedemento aberto o “*Servizo de sistema de visitas virtuais 360 en resolución xigapixel e implementación en entorno web para o Museo de Pontevedra*”. (Núm. Expte. 2021026470)

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *The Mad Pixel Factory, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
THE MAD PIXEL FACTORY, S.L. (B-82.521.519)	4.925,00€	202100184164	30/09/2021

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Museo de Pontevedra (CSV.- YTYJ1C2LSX5N5O8M), no cal sinala que “(...) O contrato executouse de maneira satisfactoria de acordo co pactado e segundo o previsto nos pregos (...)”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.-1PM1M1NCXEHVRIP3), no cal indica que existen na caixa da Deputación as constituicións por parte da entidade mercantil THE MAD PIXEL FACTORY, S.L., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobado a liquidación do contrato de “*Servizo de sistema de visitas virtuais 360 en resolución xigapixel e implementación en entorno web para o Museo de Pontevedra*” (Núm. Expte. 2021026470), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil THE MAD PIXEL FACTORY, S.L. (B-82.521.519), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

- o A constituída en metálico, por importe de catro mil novecentos vinte e cinco euros (4.925,00€), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 30/09/2021, segundo mandamento de ingreso con número de Carta de Pago 2021000184164 (Nº operación 12024000032894).

31.35203.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DE VEGANAGAL PARA A “LIÑA 1: 3ª EDICIÓN DO FESTIVAL CINEMA A PEDAL” DO CONCELLO DE VIGO APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 11/10/2024 (EXPTE.2024038454)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 21 de maio de 2024, aprobou as “*Bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2024*” (Acordo núm. 2.33790) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 102 de 27 de maio de 2024.

Segundo.- En data 02/06/2024, Patricia Menéndez Monteavaro, en representación de Veganagal (NIF: G-05.496.351) presenta solicitude para “Liña 1: 3º Edición do Festival Cinema a Pedal”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 5.111,70 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 11 de outubro de 2024, (Acordo núm. 3.34250) acordou Concederlle á Veganagal, do concello de Vigo (NIF:G-05.496.351) unha subvención de 1.617,16€ para “Liña 1: 3º Edición do Festival Cinema a Pedal” con cargo á aplicación orzamentaria 24/.330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 05/02/2025 e número de rexistro WEB2025007290, a Veganagal de Vigo, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por unha serie de circunstancias que levaban a un incumprimento das bases.



Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 17/02/2025 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola Veganagal (NIF: G-05.496.351) documento con CSV: JCKJV79OB3OVNIUW

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada por *Veganagal* (NIF:G-05.496.351) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.617,16 € para a realización da actividade da “*Liña 1: 3ª Edición do Festival Cinema a Pedal*” (documento co CSV: BAB217UPXCOKHJUH).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

32.35204.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL GRUPO DE GAITAS OS ABRENTES DE CERDEDO PARA A “LIÑA 1: VIII FESTIVAL TRADICIONAL 30 ANOS OS ABRENTES DE CERDEDO” DO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 11/10/2024 (EXPTE.2024038436)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 21 de maio de 2024, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2024” (Acordo núm. 2.33790) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 102 de 27 de maio de 2024.

Segundo.- En data 1 de Xuño de 2024, Gabriel Pazos Bugallo, en representación da ASOCIACION CULTURAL GRUPO DE GAITAS OS ABRENTES DE CERDEDO (NIF: G36273548) presenta solicitude para “Liña 1: VIII Festival Tradicional 30 anos Os Abrentes de Cerdedo”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 1.014,71 €.



Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 11 de outubro de 2024, (Acordo núm. 3.34250) acordou Concederlle á ASOCIACION CULTURAL GRUPO DE GAITAS OS ABRENTES DE CERDEDO, do concello de Cerdezo-Cotobade (NIF:G36273548) unha subvención de 709,28 € para “Liña 1: VIII Festival Tradicional 30 anos Os Abrentes de Cerdedo” con cargo á aplicación orzamentaria 24/.330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 16 de febreiro de 2025 e número de rexistro WEB2025009675, a ASOCIACION CULTURAL GRUPO DE GAITAS OS ABRENTES DE CERDEDO de Cerdedo-Cotobade, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por un desaxuste do importe orzamentado en referencia aos importes pagados e pola falta de xustificación de ditos importes.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 26 de febreiro de 2025 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACION CULTURAL GRUPO DE GAITAS OS ABRENTES DE CERDEDO (NIF: G36273548) documento con CSV: OLCGJUYFMD8FNT2.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.



Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *ASOCIACION CULTURAL GRUPO DE GAITAS OS ABRENTES DE CERDEDO* (NIF:G36273548) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 709,28 € para a realización da actividade da “*Liña 1: VIII Festival Tradicional 30 anos Os Abrentes de Cerdedo*” (documento co CSV:NTN9UJJE8D8X2N61).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.



33.35205.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL RETROUSO DE CELA PARA A “LIÑA 1: GALA 25º ANIVERSARIO DA ASOCIACIÓN” DO CONCELLO DE BUEU APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 11/10/2024 (EXPT.2024045527)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 21 de maio de 2024, aprobou as “*Bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2024*” (Acordo núm. 2.33790) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 102 de 27 de maio de 2024.

Segundo.- En data 25 de xuño de 2024, Iván Estévez Castro, en representación da ASOC.CULTURAL FOLCLORICA RETROUSO DE CELA (NIF: G36341923) presenta solicitude para “Liña 1: Gala 25º aniversario da asociación”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 19.989,30 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 11 de outubro de 2024, (Acordo núm. 3.34250) acordou Concederlle á ASOC.CULTURAL FOLCLORICA RETROUSO DE CELA, do concello de Bueu (NIF:G36341923) unha subvención de 2.468,30 € para “Liña 1: Gala 25º aniversario da asociación” con cargo á aplicación orzamentaria 24/.330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 14 de febreiro de 2025 e número de rexistro WEB2025009599, a ASOC.CULTURAL FOLCLORICA RETROUSO DE CELA de Bueu, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada porque recibiron unha axuda do Concello de Bueu que cubriu a maior parte dos gastos xerados, polo que non é posible xustificar a contía solicitada na subvención.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 25 de marzo de 2025 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOC.CULTURAL FOLCLORICA RETROUSO DE CELA (NIF: G36341923) documento con CSV: 0JV6EZ2VPX9D3X46

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra



Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valoración do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia. É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *ASOC.CULTURAL FOLCLORICA RETROUSO DE CELA* (NIF:G36341923) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 2.468,30€ para a realización da actividade da “*Liña 1: Gala 25º aniversario da asociación*” (documento co CSV:9P54CIXJKOR3UGVL).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

34.35206.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (EXPTE.2025026750)

Vista a relación de operacións con número 2025026750 (CSV: 6DC9H2S82OSYJGO7), que contén 1 operación por un importe de 850,00 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	1.000,00€
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións	150,00 €
Total líquido	850,00€

35.35207.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS
(EXPTES.2025025862 E 2025025868)

a)Vista a relación de operacións con número 2025025862 (CSV: 7T6XK6LIZP3J5SW), que contén 5 operacións por un importe de 4.996,51 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	4.840,75€
IVE soportable deducible.....	155,76€
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	4.996,51 €



b) Vista a relación de operacións con número 2025025868 (CSV: 71564LSOO3QRT7UX), que contén 3 operacións por un importe de 913,95 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	854,61€
IVE soportable deducible	59,34€
Retencións	0,00 €
Total líquido	913,95€

36.35208.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

37.35209.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

38.35210.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as nove horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

